

BECAS E AXUDAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

• Departamento de Orientación

Poderán solicitar as axudas os alumno-as **que presenten necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade, trastornos graves de conduta ou trastorno grave da comunicación e da linguaxe asociada a necesidades educativas especiais.**

Así mesmo, poderán solicitar as axudas **os alumno-as con Trastorno do Espectro Autista e os alumno-as con necesidade específica de apoio educativo asociado a Altas Capacidades.**

Os umbrais de renda e patrimonio están especificados na convocatoria.

Os solicitantes deben cubrir a **solicitude vía internet.**

Toda a información e as explicacións para realizar a solicitude están nesta **ligazón:**

<https://www.becaseduccion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo/como-solicitarla.html>

Despois de cuberta a solicitude on-line, teñen que imprimila en papel e asinala. No gabinete psicopedagóxico terán que cubrir, selar e asinar o seu apartado nos impresos.

Posteriormente terán que entregar no Departamento de Orientación do colexio os papeis impresos de solicitude cubertos, asinados pola familia e selados polo gabinete xunto coa documentación requerida (**certificado do nº da conta bancaria do alumno/a, diagnóstico médico do SERGAS, certificado de discapacidade, título de familia numerosa, de selo caso**).

Prazo de presentación:

ABERTO dende 19 de maio ata o

30 de setembro de 2022

Para evitar complicacións na tramitación das solicitudes non deben agardar ao derradeiro día.